

## EDU-INNO

*Coordinador/a:* **María Dolores Dapía Conde**

*Participantes:* *Fátima Braña Rey*  
*David Casado Neira*  
*María Reyes Fernández González*  
*Raquel Oreiro Rey*  
*Esther Pérez Fernández*  
*Ana María Ulla Miguel*

### Liñas de actuacións

---

Recoñecidos os esforzos das persoas participantes por innovar na docencia das materias que imparten, dámonos conta que estamos a utilizar recursos diversos pero sen ter unha avaliación sistemática da súa funcionalidade e coñecemento da satisfacción destas actividades de innovación por parte do alumnado. Este grupo entende que, a base da cooperación e colaboración, podemos establecer formas de levar a cabo as nosas actividades de innovación a través de procedementos estándares que nos permiten extrapolar unha práctica dunha materia ou grupo e outros e, ao mesmo tempo, tamén facer parte dun sistema de avaliación formativa sobre a pertinencia destas prácticas en cada materia, grupo e no seu conxunto.

Parécenos pois de interese poñernos a traballar no desenvolvemento de certas actividades nalgunhas materias e áreas de coñecemento co fin de explorar como levar a cabo estas actividades o cal é o grao de eficacia/satisfacción de cada unha delas, desde unha concepción da avaliación como proceso de mellora da práctica educativa.

### Obxectivos

---

O proxecto formula dous obxectivos básicos:

1. Establecer para cada actividade unha fórmula acordada de levala a cabo a través dun protocolo.
2. Establecer un procedemento de avaliación para coñecer o grao de éxito de diferentes actividades.

3. Diseñar as materias para que, non so inclúan competencias e habilidades propias do grao no que se impartan, senón que axuden a que o alumnado tome conciencia das habilidades que serán instrumentos que lle axudarán no exercicio profesional que elixan.

1. Protocolo para facilitar a realización de actividades docentes en diferentes materias.

Este obxectivo procura que cada docente explique a súa experiencia poñendo en marcha actividades novas na docencia de forma que o resto poidamos obter información e unha fórmula de actuación para poder poñer en marcha actividades similares con menor custo en tempo e traballos, e máxima eficacia de cara ao éxito da actividade docente.

2. Avaliación da eficacia das actividades de innovación docente realizadas.

Por consenso deseñárase unha metodoloxía que permita avaliar as actividades como prácticas docentes.

Cada actividade docente será avaliada recollendo información dos distintos actores implicados (alumnado e persoal docente que desenvolveron as actividades). Os datos formarán parte dunha base de datos conxunta que permitirá contrastar a eficacia e satisfacción obtida coas distintas actividades.

## **Plan de traballo**

---

O grupo de profesorado desenvolverá o maior número de actividades innovadoras posibles ao longo dos dous cuatrimestres realizando a avaliación docente a cada unha delas. Unha vez concluído este tempo avaliarase a pertinencia a cada unha destas actividades e deste proxecto xeral de innovación educativa.

Liñas de actuación e actividades:

1. Perspectivas de xénero na docencia universitaria:
  - a. Estudos de caso.
  - b. Dilemas morais.
  - c. Linguaxe inclusiva.
  - d. Bibliografía inclusiva.
2. Aprendizaxe colaborativa:
  - a. Puzzle de Aronson.
  - b. Investigación en grupos.
  - c. Aprendizaxe por proxectos/problemas en grupos de traballo.
3. Historia de vida:
  - a. Entrevista a persoas de diferentes xeracións para a reconstrución dun fenómeno socioeducativo (escola).
4. Emprego da contorna/patrimonio como recurso didáctico:
  - a. Saídas escolares.

- b. Accións educativas dos museos.
  - c. Cidades educadoras.
  - d. Charlas-coloquio con profesionais.
  - e. Prensa.
5. Recursos e novas tecnoloxías:
- a. Web 2.0.
  - b. Cine e documentais.
  - c. Busca de información en internet.
6. Empregabilidade/exercicio profesional:
- a. Saídas profesionais e perfís profesionais.
  - b. Obradoiros: elaboración del CV e carta de presentación adaptados a unha oferta de emprego, entrevista de selección ...
  - c. Contar coa participación nas aulas de profesionais que compartan as súas experiencias laborais, así como o seu proceso de busca de emprego.
7. Metodoloxía participativa: aprendizaxe centrada no/a estudante:
- a. Preparación a exposición dalgún tema/apartado da guía docente previamente seleccionado.
  - b. *Role-playing* de situacións posibles da vindeira vida laboral.
  - c. Obradoiros.